



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO QUINCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 15 de maio de 2024, ás 10:30 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo

AUSENTES:

Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación das actas das sesións do 19 de abril de 2024 e do 10 de maio de 2024

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban as actas das sesións do 19 de abril de 2024 e do 10 de maio de 2024 por unanimidade.

2 Expediente 20247/U022/000002. Licencia de Edificación de Obras de reparación en Rúa Aduana/Pza. Recheo (8381712NH0887N0001GX) do ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con CIF ***000***

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE

EXPEDIENTE:	2024/U022/000002.
ASUNTO:	Obras de reparación da capela de Santa Mariña e ocupación de 23,00 m ² da vía pública con andamios por un período de 3 meses
INTERESADO:	Arcebispado de Santiago de Compostela. DNI/NIF/CIF: ***0002**.
REPRESENTANTE:	XXXXXXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: ***8892**.
PRESENTADOR:	XXXXXXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: ***4063**.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

SITUACIÓN:	Rúa Aduana/Praza Recheo. Ponteceso. CP 15110 Referencia catatral: 8381712NH0887N0001GX
------------	---

I. ANTECEDENTES

1. 10/01/2024 Solicitud de licenza coa seguintes datos identificadores:

- Datos de identificación do representante: XXXXXXXXXXXXX.
- Representación autorizada: XXXXXXXXXXXXXXXX.
- Proxecto básico e de execución que redactou o arquitecto Vicente Rivas Negreira (colexiado 1542) con visado colexial 2306399.4 (data do visado 09.01.2024)
- Xustificante de pagamento do Imposto sobre as construcións, as instalacións e as obras (ICIO), da taxa por expedir a licenza urbanística e da taxa por ocupar a vía pública
- Oficio de dirección de obra con núm. de visado colexial núm. 2606399.7

2. o 7.03.2024 recibíuse Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza realizar as obras de reparación da cuberta da capela de santa Mariña do concello de Ponteceso, de conformidade co acordo que tomou o 15 de febreiro de 2024 a Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en materia de patrimonio

- Cuestionario estatístico do Ministerio de Fomento

3 O técnico municipal informou favorablemente o 29.04.2023

4 Consta no expediente o informe de Intervención de data 07.05.2024.

5 Consta no expediente o Informe xurídico de data 10.05.2024

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- Ordenanza fiscal núm. 23, reguladora da taxa por outorgar licencias urbanísticas e outros servizos urbanísticos publicada no BOP núm. 198, do 16.10.2014
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 9 de marzo de 2015 e publicado no DOG núm. 95, do 22 de maio de 2015, e no BOP núm. 99, do 28.05.2015

A competencia para resolver o expediente correspóndeme, con base no artigo 21.1 q) da lei 7/85 e no artigo 61.1.o) da Lei 5/997, pero delegueina na Xunta de Goberno Local na Resolución núm. 734/2023, do 8 de setembro.

Por todo o anterior,

Propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Conceder licenza de obras a **Arcebispado de Compostela**, con CIF DNI/NIF/CIF: ***0002**, para realizar **obras de reparación da capela de Santa Mariña e ocupación de 23,00 m² da vía pública con andamios por un período de 3 meses**, no inmovible coa referencia



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

catastral 8381712NH0887N0001GX, situado na Aduana/Praza Recheo. Ponteceso. CP 15110, segundo o recollido no proxecto básico e de execución que redactou o arquitecto Vicente Rivas Negreira (colexiado 1542) con visado colexial 2306399.4 (data do visado 09.01.2024), que deberá cumprir

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

a) Particulares

- A construción e a forma da cuberta será a establecida no artigo 3.2.4. para cubertas en solo urbano.
- A propiedade ten que axustarse ao que indica o artigo 3.2.13 (Condições de Integración e de adaptación ao ambiente en solo urbano do PXOM)
- A obra deberá cumprir as consideracións legais e coas condicións recollidas na Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Dirección Xeral do Patrimonio (Expediente núm. 2004/001, sobre a intervención que afecta a un ben do Patrimonio Cultural de Galicia), que di:

A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 15 de febreiro de 2024, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar que as obras na cuberta consisten na reparación da mesma, incluída a reparación e substitución de elementos danados da estrutura de madeira, por outra de madeira de Iroko, tanto na cuberta como no coro e na escaleira de madeira de acceso ao mesmo. Tamén propónse a reparación do enfusado interior da capela con morteiro de cal, e o pintado da mesma. O remate da cuberta será de tella cerámica curva sobre pranchas de fibrocemento.

Á vista de todo o sinalado, non se atopa inconveniente en acceder ao solicitado, xa que non se producen afeccións negativas sobre o ben obxecto de protección, ben entendido que non se producirá nin aumento de volume, nin modificación das pendentes dos faldróns da cuberta, nin alteración das alturas de cumio ou de cornixas.

Á vista de todo o sinalado, informase favorablemente o solicitado, coa obriga de dar cumprimento á totalidade das condicións anteriormente sinaladas.

- Deberá solicitar autorización a través do impreso normalizado modelo "IF204A", dispoñible en https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=IF204A, ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, se fose necesario ou se executasen traballos que poidan significar riscos e/ou ocupación parcial da vía pública de titularidade autonómica, como colectores, guindastres, carga e descarga, etc
- Sancionaranse por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables en calidade de promotores das obras, propietarios dos terreos, empresarios das obras e técnicos redactores do proxecto e directores das obras que executen obras sen licenza ou sen cumprir as condicións
- As persoas titulares das obras deberán nomear nova dirección de obra e comunicarllo ao Concello no prazo de tres días xunto coa folla de cargo tamén visada, se o director da obra ou o director de execución renuncian á dirección. O alcalde ordenará suspender as obras se a persoa titular da obra non cumpre este trámite.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- É requisito indispensable colocar ao pé da obra a copia autorizada da licenza municipal e un cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e o da persoa contratista, a ordenanza que se aplica, os usos aos que se vai destinar a construción, a data de concesión da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente
- As persoas titulares da licenza deberán entregar nun vertedoiro autorizado os residuos que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados, de conformidade coas disposicións sinaladas no proxecto e co establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro. Está prohibido depositar nos colectores de recollida de residuos domésticos os que son produto das obras
- As persoas titulares da licenza non poderán amorear na vía pública cascallos nin materiais
- Deberá solicitar a colaboración e a coordinación do coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello para os efectos de instalar e sinalizar os colectores, os guindastres e os andamios, etc., e a colaboración da Policía Local para os efectos de sinalizar e organizar o tráfico, co fin de evitarlles inconvenientes á veciñanza
- As persoas titulares da licenza deberán cumprir e serán responsables de facer cumprir o disposto no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción
- Unha empresa homologada deberá manipular o material de fibrocemento que conteña abesto
- As persoas promotoras iniciarán as obras no prazo de 6 meses e remataranas no prazo de 3 anos, contados dende a data de concesión, e non poderá interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

b) Xenéricas

- É necesario tratar os residuos de forma axeitada
- As persoas promotoras das obras cumpriran a lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde
- A licenza de obras outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, os dereitos de terceiros e o que sexa competencia doutros organismos- As persoas promotoras deberán nomear dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde debidamente visados polo colexio profesional e comunicarllo ao Concello antes de iniciar as obras
- As obras axustaranse á documentación presentada e no curso da súa execución adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo.
- O técnico municipal redactará acta de reformulo antes de que comecen as obras
- A persoa promotora das obras deberá poñerse en contacto coas persoas responsables das empresas titulares dos servizos urbanos que poidan resultar afectados
- As conexións ás redes de saneamento, de auga potable e rede eléctrica, serán pola conta da persoa propietaria e tamén serán pola súa conta os gastos que por executar obras nos pavimentos dos viais e beirarrúas públicas.
- Comunicarase á Policía Local antes do inicio, e coa antelación suficiente, dos posibles cortes de tráfico e tomaranse todas as medidas de protección necesarias para asegurar aos viandantes e vehículos coa correspondente sinalización, e cumpriranse as súas instrucións.
- As persoas promotoras deberán cumprir o establecido no Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
- As persoas promotoras deberán cumprir o establecido no Real decreto 604/2006, do 29 de maio, polo que se modifica o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, que aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e o establecido no Real decreto 1627/2006, do 24 de maio, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- As persoas promotoras iniciarán as obras no prazo de 6 meses e remataranas no prazo de 3 anos, contados dende a data de concesión, e non poderá interromper as obras por tempo superior a 6 meses.
- As persoas promotoras de obras maiores deberán colocar un cartel no que conste o número de expediente, a data de concesión da lizenza, o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, a ordenanza que se aplica, os usos ao que vai destinada a construción, o prazo de execución e o número de plantas autorizadas
- As persoas promotoras deberán presentar o certificado final de obra firmado polo técnico director

TERCEIRO. A lizenza concédese cos seguintes extremos, de conformidade co artigo 353.2 do Decreto 143/2016:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo urbano consolidado, no sistema local de equipamento relixioso e privado (SLERE-06-06 (pv)), área urbana D.3-Distrito 3 de Ponteceso. A ordenanza específica de aplicación é a SU-3a, Edificación Agrupada, tipoloxía a: Bloque lineal entre medianeiras. Artigos 2.3.1 e 6.2.3 respectivamente do PXOM

b) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Obras de reparación da capela de santa Mariña e ocupación de 23,00 m² da vía pública con andamios por n período de 3 meses

c) Altura e ocupación de parcela permitidos:

Altura: A que existe
Ocupación: **15 %**

d) Orzamento de execución material: 73.726,80 €

e) Situación. localización das obras, con identificación catastral ou coordenadas UTM e núm de predio rexistral, de estar inscrito: Rúa Aduana/Praza Recheo. Ponteceso. CP 15110. Referencia catastral: 8381712NH0887N0001GX

f) Nome ou razón social da persoa promotora: Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF ***0002**

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde:

Técnico redactor do proxecto e director da obra: Vicente Rivas Negreira, colegiado núm. 1542 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

Director de execución: non consta

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.

Prazo para a terminación da obra:36 meses.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CUARTO. Aprobar as seguintes liquidacións:

- Por outorgar a licenza: (Oem x 2,20€): 73.726,80 € x 0,20%: 147,45 €
- ICIO (Oem x 4,00%): 73.726,80 € x 4%: 2.949,07 €
- Taxa por ocupar a vía pública (m² x 0,30 €/m² x núm. de meses): 23,00 m² x 0,30 €/m² x 3 meses: 20,70 €

QUINTO. Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

Os membros da Xunta de Goberno Local aproban a proposta por unanimidade.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 10:50 h e eu redacto esta acta.

O presidente
José Manuel Mato Martínez

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)
Antía Pena Dorado

Documento asinado electronicamente ao marxe.